

**DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE 1 POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 (APROL RURAL 2020) (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020).**

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 10 de xuño de 2020 ao abeiro da *Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2020)* (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses a xornada completa, de 1 peón forestal para a obra/servizo *REVALORIZACIÓN FORESTAL*, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesaria para a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación de 1 persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego.

2º. A ocupación a ofertar será a de 1 peón forestal, con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada completa.

Mándao e asínoa a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

